

CONCURSO "ARTE CON FABAS"

Co obxectivo de promover a creatividade durante o confinamento provocado pola crise do coronavirus e para que entre tod@s fagamos posible que estes días pasen o máis ameno e rápido posible, a Asociación de Comerciantes, Industriais e Autónomos de Lourenzá, en colaboración co Concello, convoca o concurso “ARTE CON FABAS”.

BASES

- 1.- Poderán participar todos os veciños e veciñas do concello de Lourenzá.
- 2.- As obras consistirán nun collage elaborado principalmente con fabas, podendo acompañarse doutro tipo de materiais. A temática e o tamaño serán libres.
- 3.- Establécense tres categorías:
 - A: Ata 10 anos.
 - B: De 11 a 16 anos.
 - C: Adultos.
- 4.- Haberá tres premios (un por cada categoría), consistentes en vales de compra de 75€ e trofeo.
- 5.- O xurado estará formado por representantes da ACIAL e do Concello de Lourenzá.
- 6.- As obras presentaranse na Biblioteca Municipal no momento en que se levante o estado de alarma e se podan abrir as oficinas municipais (nese momento, desde o Concello se informará da data de finalización do prazo para entregar as obras). Irán acompañadas dun sobre pechado onde aparecerán os datos do autor/a: nome, dirección e teléfono de contacto. No exterior do sobre só aparecerá a categoría na que se participa.
- 7.- As obras presentadas pasarán a ser propiedade do Concello e serán expostas durante a celebración da XXX edición da Festa da Faba.

Organiza



Colabora

